



# DANIEL CASTELAO

CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

## DECLARACIÓN DE POLÍTICA ERASMUS

O CPR Daniel Castelaó (CEBEM Formación Profesional, SL) reconece a importancia da mobilidade internacional no desenvolvemento académico, cultural e persoal do noso alumnado. Cremos firmemente nos beneficios da cooperación transnacional no ámbito da educación superior e apoiamos activamente o Programa Erasmus como un medio esencial para lograr estes obxectivos.

Para dar o paso de internacionalización do noso centro, decidimos basearnos nos principios fundamentais seguintes:

**1. Inclusividad e Diversidade:** Comprometémonos a fomentar a participación de todos os estudantes, independentemente da súa orixe socioeconómica, xénero, orientación sexual ou calquera outra característica. Buscamos promover a diversidade como un valor enriquecedor para toda a comunidade académica.

**2. Excelencia Académica:** Recoñecemos a excelencia académica como un pilar fundamental da educación superior. A través do Programa Erasmus, buscamos fortalecer a calidade do ensino e a investigación, permitindo ao noso alumnado e profesorado acceder a experiencias educativas e/o profesionais en institucións con gran bagaxe en mobilidades erasmus.

**3. Desenvolvemento Persoal e Cultural:** Valoramos o enriquecemento persoal e cultural que provén da inmersión en contornas académicas e sociais diferentes. O intercambio de coñecementos e a interacción con diversas culturas contribúen significativamente ao desenvolvemento integral do noso alumnado e profesorado.

A nosa participación no programa Erasmus plus enmárcase nunha estratexia que se iniciou en 2004 e que temos intención de continuar a longo prazo. En relación ao compromiso co noso alumnado e profesorado para a xestión dunha mobilidade erasmus destacamos:



# DANIEL CASTELAO

## CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

**1. Facilitar a Mobilidade:** Comprometémonos a facilitar e apoiar activamente a participación do noso alumnado e profesorado en programas de mobilidade Erasmus. Isto inclúe a eliminación de barreiras administrativas e a provisión de información e recursos necesarios.

**2. Recoñecemento de Créditos:** Comprometémonos a garantir un proceso eficiente e transparente para o recoñecemento de créditos obtidos durante a mobilidade Erasmus, asegurando que os logros académicos e profesionais dos nosos estudantes no ámbito da mobilidade sexan plenamente recoñecidos.

**3. Apoio Integral:** Ofrecemos un apoio integral ao alumnado e profesorado que participa no Programa Erasmus, incluíndo orientación previa á mobilidade, asesoramento durante a estancia e apoio emocional ao seu regreso.

**4. Promoción de Oportunidades de Movilidad:** Traballaremos activamente para sensibilizar e promover as oportunidades de mobilidade Erasmus entre a nosa comunidade educativa, alentando a un número cada vez maior de alumnado e profesorado a participar neste enriquecedor programa.

Esta declaración reflicte o noso firme compromiso cos principios e obxectivos do Programa Erasmus. A través desta iniciativa, buscamos fortalecer a dimensión internacional e europea da nosa institución e contribuír ao desenvolvemento integral do noso alumnado e profesorado.